# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

**Centro educativo**

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15026121 | IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas | Oleiros | 2024/2025 |

**Área/materia/ámbito**

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Bacharelato | Filosofía | 1º Bac. | 3 | 105 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |





**Contido**

**Páxina**

1. Introdución 3 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3 3.1. Relación de unidades didácticas 5 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 7 4.1. Concrecións metodolóxicas 26

4.2. Materiais e recursos didácticos 26 5.1. Procedemento para a avaliación inicial 27 5.2. Criterios de cualificación e recuperación 27 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 28 6. Medidas de atención á diversidade 28 7.1. Concreción dos elementos transversais 30 7.2. Actividades complementarias 30 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 31 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 32 9. Outros apartados 32

## 1. Introdución

A materia de Filosofía de primeiro de Bacharelato ten como un dos seus obxectivos que o alumnado de bacharelato desenvolva a capacidade de crítica, de argumentación e síntese. Arrancando da propia experiencia humana e dos seus interrogantes e inquedanzas, espérase contribuír desta maneira ao desenvolvemento como persoas e cidadáns, entendendo a radicalidade do saber filosófico como ferramenta de transformación e cambio.

Ademais de ser unha materia que dá sentido e continuidade ás ideas que se presentaron na materia de Filosofía de cuarto de ESO, a materia é unha contribución ao desenvolvemento integral do alumnado, xa que permite tomar conciencia do seu ser como ser pensante e autónomo, e reflexionar sobre as súas propias crenzas, ideas e conviccións e as do mundo que hai arredor, de xeito crítico e razoado. A dimensión teórica da filosofía como "preguntar radical", a procura e tratamento dos grandes interrogantes filosóficos, pode contribuír á comprensión de un mesmo/a e do mundo no que se vive. Xunto a iso, a materia pretende proxectarse cara á dimensión práctica, incidindo basicamente no fomento dunha actitude reflexiva e crítica que non acepte nada preconcibido, e dunha capacidade de pensar que, a través da mediación dialóxica, sexa capaz de argumentar de forma coherente e lóxica. O alumnado, deste xeito, deberá integrar coherentemente as súas ideas e as súas crenzas, someténdoas á crítica e á visión doutras persoas para ser quen de alcanzar un pensamento autónomo que integre os seus coñecementos e os seus valores, comprendendo a particularidade da filosofía como saber radical e global.

Para iso, iranse percorrendo tematicamente as principais áreas e cuestións que se veñen dando desde a antigüidade no ámbito filosófico. A saber, o propio concepto da filosofía, o coñecemento, a argumentación e a lóxica, a metafísica e os seus problemas, o ser humano, e distintas cuestións éticas e políticas.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Adquirir unha perspectiva global, sistémica e transdisciplinaria á hora de identificar problemas e formular cuestións fundamentais e de actualidade, analizando e categorizando os seus múltiples aspectos, distinguindo o máis substancial do accesorio, e integrando información e ideas de distintos ámbitos disciplinarios, desde a perspectiva fundamental da filosofía, para recoñecer a radicalidade e transcendencia de tales cuestións, así como a necesidade de afrontalas para desenvolver unha vida reflexiva e consciente de si, e para tratar estes problemas complexos de modo crítico, creativo e transformador. | 2-3 | | | | 12-40 | 1-3-4 | | 1 |





| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX2 - Buscar, xestionar, interpretar, producir e transmitir correctamente información relativa a cuestións filosóficas, a partir da análise e interpretación de textos e outras formas de expresión filosófica e cultural, do emprego contrastado e seguro de fontes, o uso e análise rigoroso destas, o emprego de procedementos elementais de investigación e comunicación, e o uso e valoración adecuada de argumentos e estruturas argumentais para apreciar distintos tipos de discurso, desenvolver unha actitude indagadora, autónoma, rigorosa e creativa no ámbito da reflexión filosófica, e evitar así modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster opinións e hipóteses. | 1-2-3-5 | | 1 | 1-3 | 40 | 3 | 3 | |
| OBX3 - Practicar o exercicio do diálogo filosófico de maneira rigorosa, crítica, tolerante e empática, interiorizando as pautas éticas e formais que este require, mediante a participación en actividades grupais e a través da formulación dialóxica das cuestións filosóficas, para promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática. | 1-5 | | 1 | | 31 | 2-3 | | 1-32 |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX4 - Recoñecer o carácter plural das concepcións, ideas e argumentos arredor de cada un dos problemas fundamentais da filosofía, comprendendo as principais ideas e teorías filosóficas das máis importantes pensadoras e pensadores, mediante a análise crítica e dialéctica das diversas teses relevantes e dos problemas fundamentais aos que estas responden, para xerar unha concepción complexa e non dogmática das devanditas cuestións e ideas e formarse unha visión rigorosa e persoal do que significa a filosofía, da súa riqueza e influencia cultural e histórica, e da súa achega ao patrimonio común, promovendo así unha actitude aberta, tolerante e comprometida coa resolución racional e pacífica dos conflitos. | 2-5 | | | | | 1-2-3 | | 2 |

**Descrición:**

Os obxectivos da materia de Filosofía en 1º de Bacharelato están deseñados para fomentar unha comprensión profunda e crítica dos principais problemas filosóficos, así como para desenvolver habilidades de pensamento analítico e reflexivo. Estes obxectivos están interrelacionados e contribúen de maneira integral ao desenvolvemento das competencias clave, preparando ao alumnado para afrontar os retos do mundo contemporáneo con pensamento crítico.



## 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | O saber filosófico: Que é a filosofía? | Que é a filosofía? A pregunta é, de entrada, un auténtico problema filosófico, posto que non hai unha resposta única e satisfactoria para todo o mundo. A partir da etimoloxía, podería definirse a filosofía como ¿amor/amizade pola sabedoría¿, e os filósofos como os que recoñecen a súa falta de coñecemento e procuran acadalo. Algo que que parece caracterizar a actividade filosófica dende os seus inicios, e que a diferenza doutros saberes, é o seu carácter racional, sistemático e crítico: Racional, porque busca fundamentarse argumentativamente. Sistemático, xa que nos seus inicios non busca acadar un simple cúmulo de afirmacións, senón un ¿sistema¿ de ideas relacionadas que buscan explicar o ¿todo¿ sen admitir incoherencias. Crítico, pois non admite nada sen un exame racional previo. Nesta unidade, identificarase o obxecto e práctica da filosofía diferenciándoa doutros tipos de saberes, e explorarase panoramicamente as súas funcións, as súas ramificacións e a súa historia. | 17 | 17 | X | | |
| 2 | Epistemoloxía: Que é o coñecemento? | Como sabemos o que sabemos? É posible acadar coñecemento certo? Son preguntas filosóficas fundamentais que nos invitan a reflexionar, non só sobre como funciona o saber, senón como funcionamos nós. Nesta unidade falarase da discusión sobre a posibilidade de coñecer, examinando perspectivas como o realismo inxenuo, o escepticismo, o criticismo e o relativismo. Tamén se estudará toda unha gama de graos de coñecemento que van desde a opinión (doxa) ata o verdadeiro saber (episteme). Exporase como se relacionan as distintas fontes do coñecemento e tamén os métodos cos que construímos<br>coñecemento a partir de ditas fontes. Falar de "método dedutivo" levará a falar sobre como funciona a ciencia, e falar de indución e dedución levará a falar sobre distintos tipos de argumentos. É dentro desta unidade que se estudarán principios básicos de retórica, argumentación correcta e incorrecta (falacias), e lóxica de<br>enunciados. | 17 | 17 | X | | |
| 3 | Metafísica: Que é a realidade? | Se, como Aristóteles dicia, "Tódolos homes desexan por natureza saber", o desexo de saber culmina para el no estudo da | 17 | 17 | | X | |





| **UD** | **Título** | **Descrición** | **% Peso materia** | **Nº sesións** | **1º trim.** | **2º trim.** | **3º trim.** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 3 | Metafísica: Que é a realidade? | "filosofía primeira", do ser "en tanto que ser". A Metafísica denomina hoxe aquel ámbito da investigación que se ocupa das realidades metaempíricas ou suprasensibles. Nesta unidade veranse as principais cuestións abordadas poe esta disciplina e como foron cambiando na historia. Particularmente, veranse os problemas ontolóxicos sobre o ser e o fundamento último da realidade, os problemas teolóxicos da existencia de Deus e da natureza divina, os cosmolóxicos sobre a finitude ou infinitude e a determinación ou indeterminación do universo, o antropolóxico, o da substancia e a causalidade, e o problema do sentido da existencia. Falarase tamén das distintas críticas á metafísica, e das cosmovisións que dan lugar a distintas metafísicas: as concepcións gregas sobre a fisis, o cosmos creación do medioevo, o universo-máquina da modernidade, e a concepción científica actual. | 17 | 17 | | X | |
| 4 | Antropoloxía: Que é o ser humano? | O ser humano foi, e sigue sendo, un obxecto fundamental da reflexión filosófica, ademais do seu suxeito. Nesta unidade didáctica estudaranse as grandes concepcións filosóficas sobre o ser humano, a súa esencia, o seu propósito e as súas orixes. Para iso, estudarase, non só desde a perspectiva propiamente filosófica, senón tamén desde unha perspectiva biolóxica (o ser humano como resultado da evolución natural da especie), social e cultural (como seres políticos e históricos, falarase sobre os condicionantes sociais e culturais que nos fan ser como somos) e psicolóxica (a estrutura psicosomática da personalidade, os ámbitos do psiquismo, a cuestión da consciencia e linguaxe). Problematizarase sobre o problema da identidade persoal, e tamén sobre a cuestión do transhumanismo. Todo iso pretendendo responder a clásica pregunta kantiana: que é o ser humano? | 17 | 18 | | X | |
| 5 | Ética: Como debemos vivir? | A ética caracterízanos como seres humanos. Nesta unidade falarase sobre a razón práctica. Buscarase clarificar conceptos como a ética, a moral e o dereito. Falarase sobre a transcendencia histórica de cuestións como a liberdade. Exporanse distintas posturas de metaética e filosofía moral (cognitivismo ético, emotivismo e intuicionismo... formalismo e materialismo, universalismo e | 16 | 18 | | | X |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 5 | Ética: Como debemos vivir? | relativismos)...<br>Posto que o tema é práctico por definición, trataranse problemas éticos actuais como os dereitos de mulleres e homes, a guerra, o terrorismo e a violencia, as desigualdades, a pobreza, a discriminación e o respecto polas minorías, problemas ecosociais e medioambientais, a considerabilidade moral dos animais non humanos, os dereitos humanos e a posibilidade dunha ética universal. Pola relación entre ética e estética, será tamén nesta unidade onde se reflexionará sobre distintas teorías sobre a beleza e a arte, especialmente en relación ás implicacións na ética e a política. | 16 | 18 | | | X |
| 6 | Política: Como convivir en sociedade? | O ser humano é un zoon politikón, un animal político. Para entendelo plenamente, é preciso ter en conta os fundamentos da organización social e do poder político. Nesta última unidade estudaranse distintas posturas a partir das cales se fundamentan o dereito e a lexitimidade política: naturalismo, iusnaturalismo e contractualismo. Exporanse os principios políticos fundamentais que vertebran as sociedades contemporáneas: igualdade e liberdade; individuo e Estado; traballo, propiedade e distribución da riqueza. Estudaranse tamén as grandes correntes históricas: liberalismo, utilitarismo e comunitarismo, e falarase sobre a Xustiza e a súa función de nexo entre o dereito e a moral. Exporase a reflexión filosófica sobre a democracia e diversos movementos sociais e políticos, complementando así a perspectiva social para a que se puxeron as bases na unidade anterior. | 16 | 18 | | | X |

## 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | O saber filosófico: Que é a filosofía? | 17 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|





| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| | | | |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural. | Tanto nos comentarios de texto coma no exame, ser quen de identificar os distintos problemas relacionándoos cos textos que se presenten. | PE | 100 |
| CA1.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica. | Saber aplicar os conceptos e captar a súa relevancia en relación con problemas actuais. Poder reflexionar sobre a aplicación práctica da filosofía respecto ao individuo e a sociedade en que vive. | | |
| CA1.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas. | Demostrar capacidade de investigadora preparando os temas sobre os que versarán os debates de tipo académico que se realizarán nas clases. Ser quen de investigar e seleccionar información significativa. | | |
| CA1.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais. | Argumentar e contraargumentar debidamente, tanto nos comentarios críticos coma nos debates que se realizarán na clase. Expoñer os contidos debidamente, amosar respecto ás persoas coas que se debate e actitude crítica construtiva. Capacidade de chegar a puntos de acordo. | | |
| CA1.5 - Xerar unha concepción complexa e non dogmática do que supón a filosofía como saber fundamental, crítico e universal, distinguíndoo doutros saberes e actividades humanas, e valorando a súa vixencia no momento actual, comprendendo os pensamentos sobre o momento actual como froito dun proceso dinámico e sempre aberto de reflexión e diálogo filosófico. | Amosar nas probas escritas coñecemento dos contidos relacionados. Ser quen de adaptar os coñecementos a posibles situacións alternativas. Amosar respecto polas persoas de opinións contrarias. Saber manexar argumentos contrarios á propia perspectiva. | | |



| **Criterios de avaliación** | **Mínimos de consecución** | **IA** | **%** |
|---|---|---|---|

| | | | |
|---|---|---|---|
| CA1.6 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica. | Identificar as escolas e autoras vistas na materia, e poder explicar en que consiste a súa achega aos contidos estudos. | | |
| CA1.7 - Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa, e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso. | Nos comentarios críticos sobre noticias de actualidade, aplicar os contidos tratados a situacións prácticas de carácter moral. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| **Contidos** |
|---|
| - A reflexión filosófica sobre a propia filosofía. O problema filosófico da definición de filosofía. - Características da filosofía.<br>- Concepcións da filosofía.<br>- A tradición filosófica.<br>- Breve síntese das grandes épocas históricas da filosofía.<br>- A variedade de intereses, temas e perspectivas empregadas no facer filosófico.<br>- As ausencias de colectivos e as posibles discriminacións que cuestionan a tradición.<br>- Filosofía e condición social: a discriminación social.<br>- Filosofía e xénero: a discriminación da muller na historia da filosofía.<br>- Filosofía e eurocentrismo: a discriminación étnico-cultural.<br>- A filosofía como saber.<br>- A filosofía como experiencia humana. A necesidade humana de lle dar sentido racional á realidade, ás nosas accións e ao noso ser social.<br>- Filosofía e infancia: a infancia como momento propicio para a experiencia filosófica.<br>- Comparación con outros campos do saber: mitoloxía, relixión, ciencia, saber común, razón poética. - As grandes subdisciplinas da filosofía: os saberes filosóficos tradicionais.<br>- Os métodos da filosofía.<br>- O traballo filosófico. |

| Contidos |
|---|
| - Uso e análise crítico de fontes.<br>- O traballo con textos filosóficos: comprensión e interpretación.<br>- O traballo con materiais non filosóficos: a identificación de problemas filosóficos.<br>- A argumentación sólida como base do pensamento e o diálogo filosóficos.<br>- A investigación e a disertación filosóficas.<br>- O sentido da filosofía no século XXI.<br>- Sentido e finalidade da filosofía.<br>- A vixencia da reflexión filosófica ante os retos do século XXI.<br>- Novos temas e áreas actuais de investigación filosófica. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | Epistemoloxía: Que é o coñecemento? | 17 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural. | Tanto nos comentarios de texto coma no exame, ser quen de identificar os distintos problemas relacionándoos cos textos que se presenten. | PE | 100 |
| CA1.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica. | Saber aplicar os conceptos e captar a súa relevancia en relación con problemas actuais. Poder reflexionar sobre a aplicación práctica da filosofía respecto ao individuo e a sociedade en que vive. | | |

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas. | Demostrar capacidade de investigadora preparando os temas sobre os que versarán os debates de tipo académico que se realizarán nas clases. Ser quen de investigar e seleccionar información significativa. | | |
| CA1.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais. | Argumentar e contraargumentar debidamente, tanto nos comentarios críticos coma nos debates que se realizarán na clase. Expoñer os contidos debidamente, amosar respecto ás persoas coas que se debate e actitude crítica construtiva. Capacidade de chegar a puntos de acordo. | | |
| CA2.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural. | Tanto nos comentarios de texto coma no exame, ser quen de identificar os distintos problemas relacionándoos cos textos que se presenten. | | |
| CA2.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica. | Saber aplicar os conceptos e captar a súa relevancia en relación con problemas actuais. Poder reflexionar sobre a aplicación práctica da filosofía respecto ao individuo e a sociedade en que vive. | | |

| **Criterios de avaliación** | **Mínimos de consecución** | **IA** | **%** |
|---|---|---|---|
| CA2.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas. | Demostrar capacidade de investigadora preparando os temas sobre os que versarán os debates de tipo académico que se realizarán nas clases. Ser quen de investigar e seleccionar información significativa. | | |
| CA2.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais. | Argumentar e contraargumentar debidamente, tanto nos comentarios críticos coma nos debates que se realizarán na clase. Expoñer os contidos debidamente, amosar respecto ás persoas coas que se debate e actitude crítica construtiva. Capacidade de chegar a puntos de acordo. | | |
| CA2.6 - Abordar desde distintas perspectivas e disciplinas o problema filosófico do coñecemento en xeral e do coñecemento científico e tecnolóxico en particular, identificando e analizando de xeito crítico, complexo e rigoroso as ideas e teorías filosóficas que algunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia propuxeron para interpretalo, a través da análise comparativa dos argumentos, principios, metodoloxías e enfoques das devanditas teses e teorías. | Saber identificar cada unha das ideas e teorías filosóficas que se deron na clase, podendo analizar comparativamente os argumentos, principios, metodoloxías e enfoques das devanditas teses e teorías. | | |
| CA2.7 - Comprender e apreciar a importancia da solidez e validez das formas argumentativas, a partir da súa análise tanto formal como informal, e identificar as falacias e os nesgos que se poden encontrar en textos ou documentos pertencentes a ámbitos culturais diversos, como usos argumentativos ilexítimos, explicando a natureza ou mecanismo das devanditas falacias e nesgos. | Saber identificar as falacias e os nesgos que se poden encontrar tanto en textos ou documentos vistos na clase, coma nos debates realizados, explicando a natureza ou mecanismo das devanditas falacias e nesgos. Saber empregar os conceptos manexados na clase. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| **Contidos** |
|---|
| - O traballo filosófico. |
| - Uso e análise crítico de fontes. |

| Contidos |
|---|
| - O traballo con textos filosóficos: comprensión e interpretación.<br>- O traballo con materiais non filosóficos: a identificación de problemas filosóficos.<br>- A argumentación sólida como base do pensamento e o diálogo filosóficos.<br>- A investigación e a disertación filosóficas.<br>- O problema filosófico do coñecemento.<br>- Definición, posibilidade e límites do coñecemento.<br>- A teoría do coñecemento: racionalismo, empirismo e outras teorías.<br>- A verdade como obxectivo do coñecemento.<br>- As teorías da verdade.<br>- O fenómeno da desinformación e a «posverdade».<br>- O razoamento e a argumentación.<br>- A argumentación formalmente válida: a lóxica formal. Simbolización, táboas de verdade, e dedución natural da lóxica proposicional.<br>- A argumentación informal.<br>- A argumentación incorrecta: falacias e nesgos cognitivos.<br>- O saber científico: definición, demarcación e metodoloxías científicas. A filosofía da ciencia: natureza, problemas e límites do coñecemento científico.<br>- A dimensión social e política do coñecemento.<br>- O papel das mulleres na ciencia e nos outros saberes.<br>- Coñecemento e interese.<br>- Saber e poder.<br>- A tecnociencia contemporánea. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | Metafísica: Que é a realidade? | 17 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural. | Tanto nos comentarios de texto coma no exame, ser quen de identificar os distintos problemas relacionándoos cos textos que se presenten. | PE | 100 |
| CA2.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica. | Saber aplicar os conceptos e captar a súa relevancia en relación con problemas actuais. Poder reflexionar sobre a aplicación práctica da filosofía respecto ao individuo e a sociedade en que vive. | | |
| CA2.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas. | Demostrar capacidade de investigadora preparando os temas sobre os que versarán os debates de tipo académico que se realizarán nas clases. Ser quen de investigar e seleccionar información significativa. | | |
| CA2.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais. | Argumentar e contraargumentar debidamente, tanto nos comentarios críticos coma nos debates que se realizarán na clase. Expoñer os contidos debidamente, amosar respecto ás persoas coas que se debate e actitude crítica construtiva. Capacidade de chegar a puntos de acordo. | | |
| CA2.5 - Tomar consciencia da riqueza e influencia do pensamento filosófico sobre a realidade e a existencia, e outros problemas metafísicos, identificando e analizando as principais ideas e teorías filosóficas en textos ou documentos pertencentes a ámbitos culturais diversos, así como poñéndoas en relación con experiencias, accións ou acontecementos comúns e de actualidade. | Saber analizar as principais ideas e teorías filosóficas acerca da realidade e a existencia, e aplicalas nos exercicios feitos na clase. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

| Contidos |
| --- |
| - O problema metafísico do real.<br>- Aparencia e realidade. As realidades virtuais.<br>- Unidade e pluralidade.<br>- Categorías e modos de ser.<br>- Entidades físicas e obxectos ideais: o problema dos universais.<br>- O problema filosófico do tempo e do cambio.<br>- O problema mente-corpo desde a Idade Moderna á intelixencia artificial.<br>- O problema do determinismo. Necesidade, azar e liberdade.<br>- O problema filosófico da existencia de Deus.<br>- Teísmo, ateísmo e agnosticismo. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 4 | Antropoloxía: Que é o ser humano? | 18 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA1.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural. | Tanto nos comentarios de texto coma no exame, ser quen de identificar os distintos problemas relacionándoos cos textos que se presenten. | PE | 95 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica. | Saber aplicar os conceptos e captar a súa relevancia en relación con problemas actuais. Poder reflexionar sobre a aplicación práctica da filosofía respecto ao individuo e a sociedade en que vive. | | |



| **Criterios de avaliación** | **Mínimos de consecución** | **IA** | **%** |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas. | Demostrar capacidade de investigadora preparando os temas sobre os que versarán os debates de tipo académico que se realizarán nas clases. Ser quen de investigar e seleccionar información significativa. | | |
| CA1.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais. | Argumentar e contraargumentar debidamente, tanto nos comentarios críticos coma nos debates que se realizarán na clase. Expoñer os contidos debidamente, amosar respecto ás persoas coas que se debate e actitude crítica construtiva. Capacidade de chegar a puntos de acordo. | | |
| CA1.5 - Xerar unha concepción complexa e non dogmática do que supón a filosofía como saber fundamental, crítico e universal, distinguíndoo doutros saberes e actividades humanas, e valorando a súa vixencia no momento actual, comprendendo os pensamentos sobre o momento actual como froito dun proceso dinámico e sempre aberto de reflexión e diálogo filosófico. | Amosar nas probas escritas coñecemento dos contidos relacionados. Ser quen de adaptar os coñecementos a posibles situacións alternativas. Amosar respecto polas persoas de opinións contrarias. Saber manexar argumentos contrarios á propia perspectiva. | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| CA1.6 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica. | Identificar as escolas e autoras vistas na materia, e poder explicar en que consiste a súa achega aos contidos estudos. | | |
| CA1.7 - Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa, e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso. | Nos comentarios críticos sobre noticias de actualidade, aplicar os contidos tratados a situacións prácticas de carácter moral. | | |



| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural. | Tanto nos comentarios de texto coma no exame, ser quen de identificar os distintos problemas relacionándoos cos textos que se presenten. | | |
| CA2.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica. | Saber aplicar os conceptos e captar a súa relevancia en relación con problemas actuais. Poder reflexionar sobre a aplicación práctica da filosofía respecto ao individuo e a sociedade en que vive. | | |
| CA2.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais. | Saber analizar as principais ideas e teorías filosóficas acerca da realidade e a existencia, e aplicalas nos exercicios feitos na clase. | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| CA2.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas. | Demostrar capacidade de investigadora preparando os temas sobre os que versarán os debates de tipo académico que se realizarán nas clases. Ser quen de investigar e seleccionar información significativa. | TI | 5 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - O traballo filosófico.<br>- Uso e análise crítico de fontes.<br>- O traballo con textos filosóficos: comprensión e interpretación.<br>- O traballo con materiais non filosóficos: a identificación de problemas filosóficos. |



| Contidos |
|---|
| - A argumentación sólida como base do pensamento e o diálogo filosóficos.<br>- A investigación e a disertación filosóficas.<br>- O ser humano como suxeito da experiencia filosófica e como obxecto principal da reflexión filosófica. - As grandes concepcións filosóficas sobre o ser humano.<br>- A filosofía e a existencia humana.<br>- O debate sobre a xénese e a definición da natureza humana.<br>- A especificidade natural do Homo sapiens.<br>- Os condicionantes históricos, sociais e culturais que nos fan ser como somos.<br>- Personalidade e identidade persoal.<br>- A estrutura psicosomática da personalidade.<br>- Ámbitos do psiquismo: sensibilidade, emotividade, desexos, volición e facultades cognitivas. - Consciencia e linguaxe. |

| |
|---|
| - O problema da identidade persoal: tipos e modos de identidade.<br>- Máis alá dos límites humanos. A especulación sobre o transhumanismo.<br>- O problema mente-corpo desde a Idade Moderna á intelixencia artificial. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | Ética: Como debemos vivir? | 18 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural. | Tanto nos comentarios de texto coma no exame, ser quen de identificar os distintos problemas relacionándoos cos textos que se presenten. | PE | 100 |
| CA1.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica. | Saber aplicar os conceptos e captar a súa relevancia en relación con problemas actuais. Poder reflexionar sobre a aplicación práctica da filosofía respecto ao individuo e a sociedade en que vive. | | |



| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas. | Demostrar capacidade de investigadora preparando os temas sobre os que versarán os debates de tipo académico que se realizarán nas clases. Ser quen de investigar e seleccionar información significativa. | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| CA1.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais. | Argumentar e contraargumentar debidamente, tanto nos comentarios críticos coma nos debates que se realizarán na clase. Expoñer os contidos debidamente, amosar respecto ás persoas coas que se debate e actitude crítica construtiva. Capacidade de chegar a puntos de acordo. | | |
| CA3.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural. | Tanto nos comentarios de texto coma no exame, ser quen de identificar os distintos problemas relacionándoos cos textos que se presenten. | | |
| CA3.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica. | Saber aplicar os conceptos e captar a súa relevancia en relación con problemas actuais. Poder reflexionar sobre a aplicación práctica da filosofía respecto ao individuo e a sociedade en que vive. | | |



| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas. | Demostrar capacidade de investigadora preparando os temas sobre os que versarán os debates de tipo académico que se realizarán nas clases. Ser quen de investigar e seleccionar información significativa. | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| CA3.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais. | Argumentar e contraargumentar debidamente, tanto nos comentarios críticos coma nos debates que se realizarán na clase. Expoñer os contidos debidamente, amosar respecto ás persoas coas que se debate e actitude crítica construtiva. Capacidade de chegar a puntos de acordo. | | |
| CA3.5 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica. | Saber analizar as principais ideas e teorías filosóficas acerca do ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, e aplicalas nos exercicios feitos na clase. | | |
| CA3.6 - Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso. | Identificar problemas éticos e políticos fundamentais vistos na materia, e poder facer unha análise crítica e razonada dos aspectos a ter en conta neles. | | |



| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.7 - Desenvolver a sensibilidade e a comprensión crítica da arte e outras manifestacións e actividades con valor estético mediante o exercicio do pensamento filosófico sobre a beleza e a creación artística, contribuíndo así á educación dos sentimentos e ao desenvolvemento dunha actitude reflexiva con respecto á linguaxe e sentido das imaxes, e xerando un adecuado equilibrio entre o aspecto racional e emotivo na consideración destes problemas filosóficos do ámbito da estética, a través da reflexión expresa arredor da arte, e doutras actividades ou experiencias con valor estético, e a análise do papel das imaxes e a linguaxe audiovisual na cultura contemporánea. | Ser quen de facer unha análise filosófica sobre a beleza e a creación artística, aplicando os contidos tratados a casos concretas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

**Contidos**

- Personalidade e identidade persoal.
- O problema da identidade persoal: tipos e modos de identidade.
- Máis alá dos límites humanos. A especulación sobre o transhumanismo.
- O feito ético e a razón práctica.
- Separación entre ética, moral e dereito: racionalidade ética, conciencia moral e lexitimidade política.
- A liberdade como condición para o diálogo ético e o xuízo moral.
- Metaética e ética normativa.
- Cognitivismo ético fronte ao emotivismo e o intuicionismo.
- Formalismo ético fronte a materialismo ético.
- Universalismo e relativismos éticos.
- Ética do coidado: necesidade de igualdade efectiva de dereitos entre mulleres e homes.
- Éticas aplicadas.
- A valoración das accións á marxe da moral: alén do ben e do mal.
- Problemas éticos actuais.
- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia.
- As desigualdades e a pobreza.
- A discriminación e o respecto polas minorías.
- Problemas ecosociais e ambientais.
- Os dereitos humanos e a posibilidade dunha ética universal de mínimos: entre a ética e o dereito.
- Orixe, lexitimidade e vixencia.



**Contidos**

| |
|---|
| ‾ Xeracións dos dereitos humanos.<br><br>‾ Os dereitos da infancia.<br><br>‾ Dereitos dos animais.<br><br>‾ Os movementos sociais e políticos.<br><br>‾ O feminismo e a perspectiva de xénero.<br><br>‾ Definición, ámbitos e problemas da estética: arte, beleza e gusto.<br><br>‾ Teorías sobre a beleza e a arte.<br><br>‾ Teorías clásicas e modernas sobre a beleza e a arte.<br><br>‾ Teorías e problemas estéticos contemporáneos.<br><br>‾ A relación do estético con outros ámbitos da cultura: a reflexión sobre a imaxe e a cultura audiovisual. ‾ A estética e as súas implicacións filosóficas coa ética e a política.<br><br>‾ Ética e estética. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | Política: Como convivir en sociedade? | 18 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural. | Tanto nos comentarios de texto coma no exame, ser quen de identificar os distintos problemas relacionándoos cos textos que se presenten. | PE | 100 |
| CA1.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica. | Saber aplicar os conceptos e captar a súa relevancia en relación con problemas actuais. Poder reflexionar sobre a aplicación práctica da filosofía respecto ao individuo e a sociedade en que vive. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas. | Demostrar capacidade de investigadora preparando os temas sobre os que versarán os debates de tipo académico que se realizarán nas clases. Ser quen de investigar e seleccionar información significativa. | | |
| CA1.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais. | Argumentar e contraargumentar debidamente, tanto nos comentarios críticos coma nos debates que se realizarán na clase. Expoñer os contidos debidamente, amosar respecto ás persoas coas que se debate e actitude crítica construtiva. Capacidade de chegar a puntos de acordo. | | |
| CA3.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural. | Tanto nos comentarios de texto coma no exame, ser quen de identificar os distintos problemas relacionándoos cos textos que se presenten. | | |
| CA3.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica. | Saber aplicar os conceptos e captar a súa relevancia en relación con problemas actuais. Poder reflexionar sobre a aplicación práctica da filosofía respecto ao individuo e a sociedade en que vive. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas. | Demostrar capacidade de investigadora preparando os temas sobre os que versarán os debates de tipo académico que se realizarán nas clases. Ser quen de investigar e seleccionar información significativa. | | |
| CA3.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais. | Argumentar e contraargumentar debidamente, tanto nos comentarios críticos coma nos debates que se realizarán na clase. Expoñer os contidos debidamente, amosar respecto ás persoas coas que se debate e actitude crítica construtiva. Capacidade de chegar a puntos de acordo. | | |
| CA3.5 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica. | Saber analizar as principais ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, e aplicalas nos exercicios feitos na clase. | | |
| CA3.6 - Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso. | Identificar os problemas éticos e políticos vistos na materia, e poder explicar criticamente cales son os factores a ter en conta e transmitir o aprendido na materia sobre eses contidos. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.7 - Desenvolver a sensibilidade e a comprensión crítica da arte e outras manifestacións e actividades con valor estético mediante o exercicio do pensamento filosófico sobre a beleza e a creación artística, contribuíndo así á educación dos sentimentos e ao desenvolvemento dunha actitude reflexiva con respecto á linguaxe e sentido das imaxes, e xerando un adecuado equilibrio entre o aspecto racional e emotivo na consideración destes problemas filosóficos do ámbito da estética, a través da reflexión expresa arredor da arte, e doutras actividades ou experiencias con valor estético, e a análise do papel das imaxes e a linguaxe audiovisual na cultura contemporánea. | Ser quen de facer unha análise filosófica e crítica sobre a creación artística, aplicando os contidos tratados a casos concretos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Personalidade e identidade persoal.<br>- O problema da identidade persoal: tipos e modos de identidade.<br>- Máis alá dos límites humanos. A especulación sobre o transhumanismo.<br>- O ser humano como animal político.<br>- Os fundamentos da organización social e do poder político: naturalismo, iusnaturalismo e contractualismo. -<br>Definición do político: legalidade e lexitimidade.<br>- Os principios políticos fundamentais: igualdade e liberdade; individuo e Estado; traballo, propiedade e distribución da riqueza.<br>- O debate político contemporáneo: liberalismo, utilitarismo e comunitarismo.<br>- Cidadanía e Estado de benestar.<br>- Xustiza e democracia.<br>- A xustiza como problema filosófico.<br>- A reflexión filosófica sobre a democracia.<br>-Ideais, utopías e distopías.<br>- Os movementos sociais e políticos.<br>- O feminismo e a perspectiva de xénero.<br>- Definición, ámbitos e problemas da estética: arte, beleza e gusto.<br>- Teorías sobre a beleza e a arte.<br>- Teorías clásicas e modernas sobre a beleza e a arte.<br>- Teorías e problemas estéticos contemporáneos. |

| Contidos |
|---|
| - A relación do estético con outros ámbitos da cultura: a reflexión sobre a imaxe e a cultura audiovisual. - A estética e as súas implicacións filosóficas coa ética e a política.<br>- O papel político da arte. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

Co fin de conseguir que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento das súas capacidades, tentaremos poñer en práctica metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe. Tentaráse, ao tempo, que favorezan a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promover o traballo en equipo, e para aplicar métodos de investigación apropiados.
Os traballos individuais e en grupo tenderán a desenvolver o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido. Nalgúns deses traballos inncidiráse no uso como ferramenta das tecnoloxías da información e comunicación, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.
Traballarase, ademáis, tanto nas probas escritas coma nas exposicións orais e debates, as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, a expresión escrita e a capacidade de se expresar correctamente en público, tentando que adquiran, ao mesmo tempo, un manexo adecuado da información en diferentes soportes e procedente de distintas fontes, incluída a biblioteca escolar.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Materiais realizados polo profesorado |
| Recursos audiovisuais |
| Seleccións de textos |
| Aula virtual con recursos e tarefas |

O profesor de Filosofía en francés empregará os materiais a disposición no blogue persoal (xosea.wordpress.com/philo/) e promoverá a realización de tarefas online e na aula, a partir dos mesmos.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Aínda que na ESO está establecida a necesidade de avaliación inicial, non está fixado polo xeral para Bacharelato. Así e todo, sendo un centro no que a maior parte do alumnado de primeiro de Bacharelato provén doutros centros, é necesario facer algún achegamento para coñecer o nivel aproximado.
Con este fin, ao principio de curso, realizarase unha introdución que permitirá ao alumnado crear un rap en grupo sobre o valor e principios da Filosofía.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**



| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **17** | **17** | **17** | **17** | **16** | **16** | **100** |
| **Disertación escrita** | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | **40** |
| **Tarefas de aula** | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | **60** |

**Criterios de cualificación:**

Cada trimestre realizaranse probas destinadas a practicar o método de essai que será obxecto da proba final Bachibac en 2º curso, e para iso realizaranse disertacións escritas, que se entregarán en número de 1 ou 2 por avaliación. Ademáis, os traballos de aula, para promover a práctica da oralidade, incluirán presentacións en común e individuais, videos, realización de infografías e produtos varios.

Un apartado importante da materia será a achega ás leituras de filosofía de diversos autores contemporáneos, entre os que se incluirán "A pesar de Platón", de Adriana Cavarero; "O espírito da esperanza", de Byung Chul Han; e "¿Hay filosofía en tu nevera?", de Enric F. Gel; ademáis doutras novidades editoriais que poidan ir xurdindo ao longo do curso académico.

A investigación e actualización incluirá canles de Instagram como @sociedaddefilosofiaaplicada e @faladictos, co obxectivo de aproximar a reflexión sobre problemas filosóficos desde un punto de vista ben accesible ao alumnado. A selección de documentos para comentar en aula terá en conta as canles de Alain Bajomée e a web de philo52 entre outras.

Os criterios de cualificación incluirán a realización de traballos escritos e presentacións orais segundo a táboa de UD citada.

**Criterios de recuperación:**

No caso de non superar a cualificación mínima de 5, o alumnado terá a oportunidade de realizar unha recuperación de cada avaliación en base á realización de disertacións escritas e exposicións orais axeitadas aos contidos de avaliación, cadansúa cun valor de 50% do total da nota final.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Non se pode promover un proceso de aprendizaxe e ensino da filosofía sen adaptalo a cada alumno. Neste sentido, as medidas de atención á diversidade son accións, estratexias ou programas destinados a responder ás necesidades educativas do alumnado (artigo 7 do decreto 229/2011, da lei orgánica 2/2006 do 3 de maio). Na avaliación inicial, en coordinación coa xunta de avaliación e o departamento de orientación, implementaranse as seguintes medidas se son necesarias.
ORDINARIAS: Facilitan a adaptación do currículo sen modificacións significativas dos obxectivos, contidos nin criterios de avaliación. Responden ás diferenzas en competencias, motivación, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe. A continuación, enumeramos as seguintes:

1. Adaptación da xestión da aula ás características concretas do alumnado, favorecendo o acceso aos recursos e a convivencia.

2. Adecuación da programación ao alumnado e ao seu contorno. Unha vez identificadas as barreiras 

(accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional), deseñaranse actividades baseadas nos principios do deseño universal de aprendizaxe para asegurar que as aprendizaxes sexan accesibles.
3. Metodoloxías que promovan o traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais e aprendizaxes por proxectos.
4. Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, como a forma de comunicación, a secuenciación de tarefas, a verificación da comprensión, a dispoñibilidade de recursos tecnolóxicos e a concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas en plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.
5. Aulas de atención educativa e convivencia. Se é necesario derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que deben realizar, que serán corrixidas e avaliadas.
6. Reforzo educativo. Implementación de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.
7. Programas de enriquecemento curricular para alumnado con altas capacidades intelectuais. EXTRAORDINARIAS: Deseñadas para atender necesidades específicas de apoio que requiran modificacións significativas do currículo ou impliquen cambios organizativos ou na forma de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse cando as medidas ordinarias non sexan suficientes ou se consideren agotadas. Estes son casos nos que hai barreiras significativas para acadar os obxectivos de aprendizaxe adaptados ao seu desenvolvemento (atraso madurativo, trastornos do desenvolvemento relacionados coa linguaxe e/ou comunicación, descoñecemento das linguas de aprendizaxe, vulnerabilidade socioeducativa ou altas capacidades, entre outras).

1. Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato, dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou con necesidades educativas especiais.
2. Atención educativa ao alumnado que, por diversas circunstancias, presenta dificultades para asistir de forma continuada ao centro. O docente, en coordinación co profesor titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimento e avaliación, e adoptará medidas que promovan a súa inclusión.

En colaboración co titor e o departamento de orientación, realizarase unha planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe. A avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan unha valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións para realizar os procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades dos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo. Proporanse medidas de reforzo individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para alumnado que presente dificultades nas competencias básicas, todos eles accesibles a través da aula virtual.

Estableceranse diferentes canles para a presentación das tarefas que, de acordo coa teoría das Intelixencias Múltiples, se adapten mellor a cada alumno ou alumna. Así, en cada unidade, haberá unha serie de tarefas que ofrezan formas de realización adaptadas a cada unha destas intelixencias (infografías, cómics, videopresentacións, textos...).

Neste sentido, para o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, deseñarase de forma específica actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, aínda que presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de forma máis directa e compostas por cuestións análogas ás anteriormente mencionadas. Todo isto co fin de potenciar o espíritu crítico e a autonomía do alumnado propios da filosofía. Todo isto sen prexuízo de que, a medida que avance o curso, poida detectarse a necesidade de actividades individualizadas en outros alumnos, establecéndose, de ser o caso, os reforzos educativos necesarios.

Por outra banda, tamén se prevén actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un ritmo de aprendizaxe máis acelerado. Trátase de actividades motivadoras que, en todo caso, vaian máis aló dos mínimos establecidos na materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como na interrelación dos diferentes contidos. Nas actividades voluntarias especificadas na metodoloxía ofreceranse este tipo de reforzos.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - CCL (Comunicación lingüística) | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - CAA (Aprender a aprender) | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - CSC (Social e cidadá) e CCEC (Conciencia e expresións culturais) | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - CD (Dixital) | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - CMCCT (Matemática e ciencia e tecnoloxía) | X | X | X | X | X | X |

**Observacións:**

Esta materia contribúe ao desenvolvemento das competencias clave do bacharelato en todos os seus aspectos: CCL (Comunicación Lingüística): A lectura, análise e comprensión de textos cun alto grao de abstracción, enmarcados no seu contexto histórico, favorece o desenvolvemento das competencias en lecto-escritura do alumnado. Ademais, a creación de textos escritos que mantén ese alto nivel de abstracción tamén resulta esencial. Así, esta competencia irá sendo adquirida a través de disertacións, argumentacións, análise de textos relevantes, definicións de termos, diálogos, exposicións orais e escritas, ensaios filosóficos, etc. CAA (Aprender a Aprender): Foméntase a investigación sobre o contexto das distintas correntes filosóficas, sendo recomendable recorrer á Historia da filosofía e buscar material adicional para presentar algunhas das ideas máis representativas no seu contexto. Deste xeito, estímase a reflexión, o traballo en equipo, a comprensión e a exposición.

CSC (Social e Cidadá) e CCEC (Conciencia e Expresións Culturais): O obxectivo é que o alumnado tome conciencia sobre a orixe das ideas da nosa civilización occidental, identificando os elementos que sería necesario mellorar na sociedade actual e promovendo o pensamento crítico, que permita exercer a cidadanía nun mundo cada vez máis globalizado.

CD (Dixital): A búsqueda autónoma de diferentes fontes de información, tanto na rede como noutras tecnoloxías, considérase fundamental. Realízanse traballos en grupo utilizando as TIC, empregando ferramentas informáticas para crear presentacións, realizar investigacións en internet, etc.

CMCCT (Matemática, Ciencia e Tecnoloxía): O alumnado debe recoñecer os grandes cambios nos paradigmas científicos e entender o concepto de paradigma en si mesmo. Ademais, é importante que comprendan os logros da Revolución Científica da Idade Moderna, a consolidación de distintos saberes como ciencias, que se separaron da Filosofía, e a aparición de novas teorías nas ciencias ao longo do século XX.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Olimpíada Filosófica | Presentación do alumnado á Olimpíada Filosófica na categoría de Disertación Filosofica, Fotografía ou Video a determinar. | X | | |
| Día Mundial da Filosofía | Celebración do Día Mundial da Filosofía | X | | |

**Observacións:**



Olimpíada Filosófica:
A Olimpíada Filosófica é unha competición académica que busca fomentar o pensamento crítico e a reflexión filosófica entre os estudantes de secundaria e bacharelato. En España, a Olimpíada Filosófica de España (OFE) celébrase anualmente e inclúe varias probas como disertacións, dilemas morais, fotografía filosófica e vídeo filosófico. Os participantes teñen a oportunidade de debater e reflexionar sobre temas filosóficos actuais, promovendo así o desenvolvemento de habilidades argumentativas e críticas.
Día Mundial da Filosofía:
O Día Mundial da Filosofía celébrase cada ano o terceiro xoves de novembro, promovido pola UNESCO. Este día subliña a importancia da filosofía para o desenvolvemento do pensamento humano e a súa capacidade para transformar as sociedades. Durante esta xornada, organízanse diversas actividades como debates, conferencias, talleres e eventos culturais que involucran a filósofos, científicos, educadores e estudantes. O obxectivo é fomentar o diálogo intercultural e a reflexión sobre os grandes desafíos contemporáneos.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| A secuenciación e temporalización estivo axustada. |
| Abordáronse os temas transversais acordados. |
| Os resultados académicos no grupo nesta materia foron similares ou mellores ca os da media dos cursos anteriores. |
| Os resultados académicos acadados nesta materia correspóndense cos resultados medios do grupo na maioría das materias. |
| Metodoloxía empregada |
| Empregouse unha metodoloxía diversa. |
| Coa metodoloxía empregada acadáronse os obxectivos de aprendizaxe perseguidos. |
| O sistema de avaliación resultou adecuado para avaliar as competencias. |
| A ponderación dos estándares resultou adecuada. |
| Os instrumentos de avaliación foron os acaídos en cada circunstancia. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |

| |
|---|
| O material didáctico empregado resultou adecuado. |
| Empregáronse recursos TIC. |
| As actividades extraescolares realizadas na materia permitiron mellorar as competencias do alumnado. |
| Medidas de atención á diversidade |
| As medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE foron adecuadas. |



| |
|---|
| Clima de traballo na aula |
| A metodoloxía empregada permitiu manter o control da clase. |
| A valoración realizada polo alumnado sobre a materia resultou positiva. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Emprégase unha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. |
| Seguíronse os acordos aprobados no PLC respecto á competencia comunicativa. |
| Participouse co alumnado en proxectos interdisciplinares de centro. |

**Descrición:**

Utilizarase o modelo acordado pola CCP para avaliar o proceso de ensinoaprendizaxe e cuxos indicadores medibles a través de cuestionarios de datos dirixidos tanto aos docentes coma ó alumnado incluímos a continuación. Estes datos servirán para unha reflexión que debe figurar como un punto específico na memoria final de cada departamento e que servirá para que os aspectos sinalados como deficitarios sexan incorporados como propostas de mellora para o trimestre seguinte.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao rematar o curso farase unha valoración dos resultados a partir dos obxectivos marcados na programación tendo en conta os indicadores de logro e a enquisa realizada ao alumnado. Esta valoración permitirá reconducir o traballo na procura dunha mellor adaptación ó alumnado e a súa aprendizaxe. Os criterios que seguiremos son: 1. Estudo da temporalización:
- Comprobar se se cumpriu a temporalización programada para o estudo dos distintos temas. - Analizar se coa temporalización programada todos os temas foron estudados coa profundidade necesaria para a súa correcta asimilación.
- No caso de non cumprirse algún punto faríase necesario revisar a temporalización, a non ser que este incumprimento sexa debido a problemas que non teñen por que repetirse ao ano seguinte.

2. Estudo dos resultados dos grupos:
A partir dunha análise estatística e comparativa das cualificacións poderemos apreciar o grao de consecución dos obxectivos. Se a análise non é satisfactoria e se trata dun problema só na nosa materia e non no resto de materias de ese grupo ou grupos, deberemos estudar as causas e as medidas a tomar.

3. Estudo dos resultados en alumnado de características especiais:
- Analizar os resultados dos alumnos/as que repiten curso.
- Valorar as medidas de atención a diversidade, comprobar se permitiron que o alumnado puidera adaptar a súa aprendizaxe ás súas capacidades.
- Analizar os resultados do plan de recuperación do alumnado coa materia pendente de cursos anteriores. **9. Outros**

**apartados**